

## PARA FAVORECER O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE

- Corrixir de modo indirecto ao noso/a fillo/a, é dicir, ofrecer o modelo correcto da palabra sen estar sempre corrixíndoo.
- Falarlles moito.
- Darlle tempo para que responda.
- Non empregar linguaxe simple e infantil.
- Fomentar o xogo simbólico.
- Favorecer a relación con outros/as nenos/as xa que a linguaxe é algo social e debe desenvolverse a través da relación cos iguais.



**CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA  
MONDEGO**



*FALAMOS...*

## ASPECTOS XERAIS

- Alimentación:  
debe ser sólida xa que a mastigación axuda á articulación.
- O chupete e o biberón axudan á deformación da cavidade oral e da posición dentaria. Recoméndanse retirar entre o ano e medio e os dous anos.
- Hixiene respiratoria:  
ensinar a sonar os mocos. A respiración debe ser nasal.
- Respectar o ritmo individual do desenvolvemento, a evolución varía moitos duns nenos/as a outros.



- Empregar unha linguaxe adecuada ao nivel de desenvolvemento no que se atopa o noso/a fillo/a, evitando os diminutivos e as palabras mal ditas (como por exemplo “guau-guau” en vez de can).
- Falar correctamente. Non imitar a súa forma de falar nin rir cando o di mal.
- Evitar falar por eles nin interpretalos en exceso.
- Usar un ton de voz normal. Evitar gritar.
- Non rifarlles se falan mal



Como e cando estimular a linguaxe?

- Darlle tempo para falar e escoitar aos nosos/as fillos/as.
- Compartir xogos con el/ela.
- Aprender adiviñas, cancións, etc.
- Contar contos.
- Ver libros de imaxes e de fotos.
- Xogar coa linguaxe: xogo do veo-veo, rimas, etc.
- Aproveitar os momentos do baño ou das comidas para falar de temas diversos e do seu interese.
- Falar do que se vai a facer, contar o que fixemos, a onde fomos, etc.
- Xogar con pompas, muíños de vento, chifres... xa que o sopro favorece a articulación.